

CARBALLO

O incerto futuro da regueifa

- Autor del comentario:
MANUEL SUÁREZ
Localidad:
CEE

Na Costa da Morte quedan moi poucos cantadores de coplas que sigan exercendo o seu labor

Non hai moitos anos, nas comarcas coruñesas da Costa da Morte non había festa nin casamento sen a presenza dun par de regueifeiros, porque a regueifa formaba parte da vida cultural deste territorio. Lamentablemente, hoxe, está desaparecendo este xeito cultural especial de folclore. Se houbo recuperación da gaita e da figura do gaiteiro -porque non debemos esquecer que antes entre os labradores todo gaiteiro era un langrán- é triste recoñecer que se está deixando esmorece-los nosos regueifeiros sen darlles o merecido recoñecemento e, sobre todo, sen que haxa continuidade no seu importante labor. Se os regueifeiros desaparecen sen herdeiros, unha parte da nosa identidade cultural morrerá con eles.

Eu sinto especial preocupación pola regueifa porque nacín nunha aldea da Costa da Morte, o último curruncho onde perviven artistas regueifeiros. En Montevideo, sendo un neno emigrante, os meus pais leváronme a escoitar unha actuación de *payadores* dentro das celebracións do que alí chaman *Semana Criolla*, que coincide coa Semana Santa.

A min o espectáculo gustoume moito, sobre todo o contrapunto en ámbolos dous *payadores* rivais. Quedei moi sorprendido cando os meus dixeron que na nosa aldea natal de Tines, e sendo eles mozos, era común poder escoitar e gozar con algo semellante á *payada* dos *payadores* uruguaiois.



O mestre

Para que a arte da regueifa non desapareza teremos que sementar, e para sementar hai que ter boa semente, e polo menos unha leiriña. A semente aínda está fresca nos oitenta mozos anos do mestre Calviño de Tallo, o máis importante regueifeiro de Galicia en activo e que desexa poder transmitir-los seus fondos saberes ás novas xeracións. O mestre Calviño necesita leiras para sementar regueifas e se consideramos como terreo fértil á mocidade, entón haberá futuro para a regueifa.

A regueifa debería estar incluída en tódalas escolas das nosas comarcas como estilo literario de análise e para a realización de exercicios prácticos onde os nenos falasen e recollesen dos seus avós aquelas antigas coplas que nunca se esquecen. E poderían organizarse concursos de regueifas entre os colexios con premios para todos, con presenza en programas televisivos e viaxes para visitar zonas europeas onde teñen semellante patrimonio cultural.

A regueifa, incorporada na escola, axudará en Lingua e Literatura galegas e por tanto formará cidadáns máis cultos que non verán a poesía como algo lonxano, senón como parte das vidas dun pobo de labregos e mariñeiros. A regueifa, como as nosas artesanías, forman parte do patrimonio cultural europeo. Un patrimonio que debe ser promocionado por medio de cursos de formación e co establecemento dun centro de investigación en calquera vila das nosas comarcas. Neste lugar de referencia os novos poderán escoitar ós vellos e se os novos escoitan teremos moito terreo gañado.